



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Xullo 2017

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Xullo 2017


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un aumento do 5,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,6 puntos inferior ao do mes de xuño. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,8%, 2,1 puntos menos que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 6,8% e os Outros servizos o 2,6%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 2,4% e en España un 2,7% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumentan a súa cifra de negocios no mes de xullo. Galicia é a sexta comunidade con maior crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a quinta comunidade co menor incremento do emprego.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de xullo en Galicia un crecemento do 5,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 4,6 puntos menos que no mes de xuño. O índice para España amosa un aumento do 4,8% respecto ao mes de xullo de 2016, 2,1 puntos inferior á taxa de variación rexistrada no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese principalmente ao *Comercio*, que aumenta o 6,8% e achega 5,1 puntos a taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 2,6% e achegan 0,7 puntos a taxa de variación do índice xeral.

En España o *Comercio* incrementa a súa cifra de negocios o 4,2%, 2,6 puntos menos que en Galicia e os *Outros servizos* aumentan o 5,7%, superando en 3,1 puntos o crecemento galego.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 10,4% e achega 5,0 puntos a taxa de variación do índice xeral. O *Comercio polo miúdo* aumenta o 3,0% e achega 0,6 puntos a taxa de variación interanual. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos* diminúe un 12,1% a súa facturación co que resta 0,6 puntos a taxa interanual.

A nivel nacional, tamén é o *Comercio por xunto* o que máis repercute no incremento do índice xeral, 1,6 puntos, cun crecemento do 4,4%; o *Comercio polo miúdo* aumenta o 2,3% e achega 0,5 puntos. A *Venta e reparación de vehículos* rexistra o maior incremento, 8,3%, superando en máis de 20 puntos a taxa galega.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 2,6%; o sector que máis contribúe a este incremento é a *Hostalería*, cunha taxa do 14,3%. En senso contrario, o

sectores de *Información e comunicacións* e *Transporte* diminúen a súa facturación, -4,7% e -3,4% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 5,7%, sendo o *Transporte* e as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* os sectores que máis repercuten neste crecemento, 0,6 puntos cada un.

No que vai do ano, o índice de cifra de negocios crece un 9,2% en Galicia e un 6,6% en España. O sector con maior repercusión no incremento do índice xeral, tanto en Galicia como en España, é o *Comercio por xunto*, con taxas do 14,7% e 8,2% respectivamente.

Todos os sectores rexistran, no que vai de ano, taxas positivas en Galicia agás a *Venta e reparación de vehículos de motor*, que diminúe un 6,6%. A nivel nacional, todos os sectores rexistran taxas positivas.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB


Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,1% no mes de xullo. Este incremento débese principalmente á *Hostalería*, que aumenta un 14,5% e achega 3,7 puntos e ao *Comercio*, que crece o 6,3% e achega 2,4 puntos á taxa de variación do índice xeral. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* rexistran un descenso do 10,9% e restan 0,9 puntos a taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 6,1%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de xullo en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios.

Os maiores aumentos danse en Navarra (7,6%), Comunitat Valenciana (6,9%) e Castilla – La Mancha (6,8%). As comunidades con menores crecementos son Extremadura (1,3%) e Andalucía (1,4%).

No que vai de ano, Navarra (10,1%) e Galicia (9,2%) rexistran os maiores incrementos, mentres que Castilla y León (3,8%), País Vasco (4,1%) e Extremadura (4,2%) amosan os menores crecementos.

Índices de cifra de negocios. Xullo 2017


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,4% respecto ao mes de xullo de 2016, 0,3 puntos menos que en España (2,7%).



O persoal ocupado aumenta un 2,1% no *Comercio* e un 2,7% nos *Outros servizos*. Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* e o *Comercio polo miúdo* achegan cinco décimas cada un a taxa de variación do índice xeral, con incrementos do 3,5% e 1,7% respectivamente. Pola contra, na *Venta e reparación de vehículos* diminúe a ocupación (-0,5%).

Nos *Outros servizos* destaca o incremento do 4,9% nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* e do 4,5% na *Hostalería*, co que achegan sete décimas cada unha a taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, diminúe un 0,2% o persoal ocupado no *Transporte*.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. O maior incremento dáse tamén nas *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,0%) e na *Hostalería* (3,0%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumenta en Galicia o 2,2% e en España o 2,6%. O *Comercio por xunto* e as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son os sectores con maiores crecementos, tanto en Galicia como en España.

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de xullo. Os maiores incrementos danse en Navarra (4,8%) e Murcia (4,4%). As comunidades onde menos crece a ocupación son Andalucía (1,7%) e Extremadura (2,0%).

Índices de persoal ocupado. Xullo 2017

Taxas de variación en %



No acumulado no ano, os maiores crecementos danse en Murcia (5,0%) e Illes Balears (4,2%) mentres que en Andalucía (1,4%) e Asturias (1,9%) rexístranse os menores incrementos.

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Xullo 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 120,6 | 5,8 | 9,2 |
| Comercio | 122,2 | 6,8 | 10,8 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 85,9 | -12,1 | -6,6 |
| Comercio por xunto | 135,8 | 10,4 | 14,7 |
| Comercio ao retalho | 106,7 | 3,0 | 5,5 |
| Outros servizos | 113,3 | 2,6 | 4,3 |
| Transporte | 110,5 | -3,4 | 1,4 |
| Hostalería | 139,7 | 14,3 | 7,7 |
| Información e comunicacións | 88,6 | 2,1 | 3,6 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 93,4 | -4,7 | 6,0 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 156,5 | 9,1 | 7,3 |
| España | | | |
| Xeral | 114,7 | 4,8 | 6,6 |
| Comercio | 111,4 | 4,2 | 6,8 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 122,5 | 8,3 | 9,0 |
| Comercio por xunto | 112,0 | 4,4 | 8,2 |
| Comercio ao retalho | 106,4 | 2,3 | 3,7 |
| Outros servizos | 120,7 | 5,7 | 6,3 |
| Transporte | 124,8 | 6,0 | 6,4 |
| Hostalería | 146,1 | 4,9 | 5,8 |
| Información e comunicacións | 98,2 | 4,9 | 3,6 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 113,8 | 7,8 | 9,3 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 136,3 | 4,4 | 6,3 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Xullo 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 121,8 | 6,1 | 7,9 |
| Comercio | 116,5 | 6,3 | 10,1 |
| Transporte | 126,5 | 0,6 | 5,6 |
| Hostalería | 142,1 | 14,5 | 7,9 |
| Información e comunicacións | 86,7 | 2,9 | 4,2 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 101,0 | -10,9 | 5,9 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 137,7 | 8,5 | 6,4 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Xullo 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 114,7 | 4,8 | 6,6 |
| Andalucía | 105,8 | 1,4 | 5,1 |
| Aragón | 115,6 | 2,5 | 4,4 |
| Asturias | 102,9 | 3,3 | 4,6 |
| Baleares, Illes | 179,3 | 2,4 | 6,3 |
| Canarias | 121,0 | 2,2 | 4,9 |
| Cantabria | 116,5 | 5,9 | 6,0 |
| Castilla y León | 107,6 | 1,8 | 3,8 |
| Castilla-La Mancha | 109,5 | 6,8 | 8,6 |
| Cataluña | 120,8 | 5,7 | 6,3 |
| Comunitat Valenciana | 121,5 | 6,9 | 6,7 |
| Extremadura | 110,8 | 1,3 | 4,2 |
| GALICIA | 120,6 | 5,8 | 9,2 |
| Madrid | 108,1 | 6,5 | 8,6 |
| Murcia | 116,4 | 2,4 | 4,7 |
| Navarra | 108,7 | 7,6 | 10,1 |
| País Vasco | 108,4 | 2,4 | 4,1 |
| Rioja, La | 130,7 | 5,0 | 6,7 |

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Xullo 2017

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| Galicia | | | |
| Xeral | 101,6 | 2,4 | 2,2 |
| Comercio | 97,4 | 2,1 | 2,0 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 84,4 | -0,5 | -0,3 |
| Comercio por xunto | 95,3 | 3,5 | 3,4 |
| Comercio ao retallo | 101,3 | 1,7 | 1,7 |
| Outros servizos | 105,2 | 2,7 | 2,3 |
| Transporte | 98,1 | -0,2 | 1,4 |
| Hostalería | 105,5 | 4,5 | 2,7 |
| Información e comunicacións | 89,0 | 1,6 | 1,7 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 102,0 | 1,1 | 0,3 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 119,7 | 4,9 | 4,3 |
| España | | | |
| Xeral | 104,7 | 2,7 | 2,6 |
| Comercio | 101,5 | 2,2 | 2,3 |
| Venta e reparación de vehículos de motor | 93,8 | 2,2 | 2,2 |
| Comercio por xunto | 103,3 | 3,2 | 2,9 |
| Comercio ao retallo | 101,7 | 1,6 | 1,9 |
| Outros servizos | 106,9 | 2,9 | 2,8 |
| Transporte | 101,9 | 2,8 | 2,7 |
| Hostalería | 112,3 | 3,0 | 2,7 |
| Información e comunicacións | 99,9 | 2,7 | 2,1 |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas | 100,3 | 1,8 | 1,9 |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares | 113,4 | 4,0 | 4,0 |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Xullo 2017**

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|--------------|---------------|-------------------|
| | | INTERANUAL | NO QUE VAI DE ANO |
| ESPAÑA | 104,7 | 2,7 | 2,6 |
| Andalucía | 101,4 | 1,7 | 1,4 |
| Aragón | 103,1 | 3,5 | 2,7 |
| Asturias | 97,2 | 2,6 | 1,9 |
| Baleares, Illes | 133,4 | 3,6 | 4,2 |
| Canarias | 105,5 | 2,6 | 3,3 |
| Cantabria | 109,2 | 4,0 | 3,8 |
| Castilla y León | 99,5 | 2,6 | 2,0 |
| Castilla-La Mancha | 103,5 | 3,0 | 2,2 |
| Cataluña | 110,3 | 3,0 | 3,2 |
| Comunitat Valenciana | 102,4 | 2,3 | 2,7 |
| Extremadura | 106,0 | 2,0 | 3,1 |
| GALICIA | 101,6 | 2,4 | 2,2 |
| Madrid | 100,9 | 2,5 | 2,2 |
| Murcia | 111,1 | 4,4 | 5,0 |
| Navarra | 110,4 | 4,8 | 3,8 |
| País Vasco | 104,9 | 2,3 | 2,0 |
| Rioja, La | 109,4 | 4,1 | 3,4 |

Fonte: INE